

FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 6

XESÚS LORENZO
VARELA VÁZQUEZ

LETRAS




GALEGAS

17 – 5 – 2005




CEIP DE BELUSO

ÍNDICE



▪ EDITORIAL	2
▪ EDUCACIÓN INFANTIL	3
▪ AS PLANTAS	9
▪ AS PLANTAS CRECEN	10
▪ XESÚS LORENZO VARELA	12
▪ LARPEIRADAS NA ROSA COCIÑA ..	16
▪ A VENDIMA	17
▪ CONCURSO DE DEBUXOS	19
▪ TRABALLOS LITERARIOS:	
○ CONTOS	20
○ POESÍAS	27
▪ CÓMIC	28
▪ AVES DA ILLA DE ONS	29
▪ PRAIAS DE BUEU	33
▪ PLANTAS MEDICINAIS	36
▪ ENTREVISTA	40
▪ DEPORTES	41
▪ REFRÁNS	43
▪ PASATEMPOS.	45



Editorial

Dourados peixes, froles amarelas,
cando soño con vós nácenme verdes,
azules carballeiras que me arrolan
nun outo estrelecer sobor da noite,
nunha neve romeira tras a vida.
E vou, lonxe de vós, inda máis lonxe,
pra vos lembrar millor, máis docemente,
o mesmo cun pandeiro que caíra,
baixara dando tombos
dende o berce do monte alboreado
ao cadaleito, xa sin fin, da mar:
lonxe de vós, inda máis lonxe. Lonxe. Lonxe

Xesús Lorenzo Varela

*Don Quixote: Xa é a hora de que abandonemos as terras de Montemogos, onde tantas aventuras nos aconteceron: As loitas cos xigantes (os alumnos de 6º cando chegamos a 1º).
Os monstros ao axépx (os profes polos corredores).
As moitas probas de esforzo (facer os deberes).*

Sancho: Razón tendes meu señor.

Don Quixote: Agora nos esperan novas probas de valor na terra do Illa de Ons, onde teremos que loitar cos peores inimigos e cabaleiros de Media Lúa para alcanzar a nosa meta do Xoán Carballera.

Sancho: Co noso espírito e as forzas que nos imbuíron en Montemogos, as loitas serán doadas.

*Homenaxe a Don Miguel de Cervantes
no 400 aniversario da súa obra
“Don Quixote da Mancha”*

Con moito agarimo e dor de corazón os alumn@s de 6º despedímonos de toda a comunidade escolar do C.E.I.P. de Beluso.

Graciñas e ata sempre.

Alumn@s de 6º


DON QUIXOTE

Visto polos máis pequenos

DON QUIXOTE

Era Don Alonso Quijano.
Lúa lieros e púase un pouco
tolo porque non comía nin
dormía.

Era alto e delgadoíño.
O seu cabalo chamábase
Rocinante e tamén tiña un can.
Loitaba contra os moíños
porque pensaba que eran
xigantes con brazos.




DON QUIXOTE
Quería ser cabaleiro andante.
Foi o faiado a coller as armas
do seu bisavó.

SANCHO PANZA

Era baixiño e gordo de
tanto comer. Era o amigo
e compañeiro de Don Quixote
e cabalgaban moito xuntos.
Come moito e bebe viño.

DULCINEA

Era unha moza que
trabalaba e Don Quixote
cúa que era unha princesa
con vestidos longos e bonitos.
Era moi guapa e de ollos
bonitos.




DULCINEA DO TOBOSO

Chamalegáille así porque vivía
num pobo pequeno chamado
Toboso.



A AVENTURA DOS MUÍÑOS
Don Quixote pensou que eran
Xigantes
fixos dano coas aspas
Rompeu a lanta





MIGUEL DE CERVANTES

Escrebiu Don Quixote.
Na guerra disparáronlle na man.
Anduvo por moitos sitios co seu
pai, que era ciruxán.





EXCURSIÓN ÓS DINOSAURIOS

Fumos ó cole grande.
Subimos ó autobús
e logo marchamos

Había unha pantalla grande
coma no cine e duas teles
pequenas para mirara goli.
Vimos un pouco a tele
e un señor contaba cousas.
Fumos ver os dinosaurios
e os esqueletes

Alguns dinosaurios

Morriáanse e un estaba
roto, outros non se morrían.
Cando vivían alguns
comían herba, outros carne.



Outros roubaban ovos e os
comían.

Non lomo alguns tiñan
unha especie de pinchos.

Había un esqueleto dun
dinosaurio tan grande
que non collería no colexio.

Un home dixo que
si o dinosaurio grande
esperaba íanos comer.

Vimos tamén:

- Patas
- Crías
- Dentes
- Ovos. Dentro dun
estaba a via.

O aparaón dunha tartaruga
cabezas. Algunhas eran
máis aplastadas.

-un tronco fosilizado
-Cabezas de orias.

8




Buscamos a Gobi, a mascota, pero non a atopamos para darlle a man.

Na visita vimos moitos dinosaurios das películas.

A profe fixonos fotos cando rematamos de ver todo fumos para o autobús. Facia moito frío e vento

Cando vinhamos para casa cantamos moitas cancións

Pasámolo moi ben.



Educación Infantil

AS PLANTAS



As diversas plantas podémolas atopar en forma de **árbore, arbusto ou herba**. Algunhas teñen flor ou froito, outras non. Unhas teñen aroma

(menta, loureiro, lavanda...)

Moitas serven para uso alimenticio e tamén para uso medicinal e terapéutico.

Alguns exemplos:

Tubérculo: pataca, cebolas, remolacha, cenorias...

Arbusto: tomate, moras, amorodos, pementos, coliflor, repolo, melón, sandía...

Árbores: laranxeira, maceira, pereira, cerdeira, nogueira, ameixeira...

As plantas medicinais máis coñecidas:

TILA: serve para relaxar, tamén é boa para o cansancio e enxaugues de boca.

MACELA: facilita a dixestión, é antiinflamatoria e desinfectante (boa para limpar e tratar feridas).

MENTA: reduce as diarreas e aumenta a secreción biliar.

TE: é diurético, contén unha alta proporción de cafeína polo que é máis estimulante có café.

OLLO DE CAN: mellora a bronquite, febre, tos, ferida, traqueítite.

MEXACÁN: antiescorbútico, aperitivo, colético, depurativo, diurético, laxante, estomacal, tónico.

ALQUIMIA: antiinflamatorio, astrinxente, cicatrizante, estomacal, sedante.

SILVA: antidiabético, astringente, depurativo, diurético.

SILVAMAR: depurativo, diurético, sudorífico.

EDRA: analxésico, antiespasmódico.

ENELDO: antiespasmódico, carminativo, resolutivo, estomacal.

EUCALIPTO: antiséptico, aperitivo, astrinxente, bactericida, febrífugo, estimulante.

ESPANTALOBOS: laxante.

FENTO MACHO: antiparasitario, vermífugo.

TOMILLO: antiséptico, antiespasmódico, aperitivo, colerético,

cicatrizante, desodorante, diurético, estomacal, hemolítico, revulsivo, tónico.

VALERIANA: antiespasmódico, sinóptico, sedante.


LAUREL: antiséptico, sedante, estimulante, sudorífico.

Estas e outras propiedades podémolas aproveitar das plantas.




2°.

AS PLANTAS CRECEN

		
Plantamos unha semente.	Nace a raíz.	Despois, crece o talo.
		
Logo, saen as follas.	Máis tarde saen as flores.	Por último, obtemos froitos.

1º A.

AS PLANTAS



Xirasol



Tulipán



Cala



Caravel




Margarida



Dalia



Rosa



Papoulas

1º B.

XESÚS LORENZO VARELA VÁZQUEZ


(Enciclopedia da emigración Galega)

Xesús Lorenzo Varela Vázquez naceu o 10 de agosto de 1916 no barco "**La Navarre**" que estaba entrando na baía da Habana. Os seus pais eran emigrantes galegos orixinarios de **Monterroso (Lugo)**. En 1920 a familia Varela Vázquez trasládase a Arxentina; a crise económica pola que atravesaba a illa agravada por un clima moi caloroso deciden aos pais de Lorenzo a tomar o camiño de Bos Aires. Na capital arxentina, no barrio de Nueva Pompeya, vai pasar a súa infancia onde cursa a escola primaria. A finais de 1920 retorna a Galicia. Chega cun aceno porteño que fará que os seus amigos lle chamen "O Arxentino".



seus maiores declarándose arredistas. Entre algúns dos máis destacados compañeiros de militancia xuvenil de Lorenzo estaban Fernández del Riego, Xosé Velo, Celso Emilio Ferreiro, Carvalho Calero e Ramón de Valenzuela. A Lorenzo gustábanlle as ideas do galeguismo pero cría que no social había que ir máis lonxe; as súas posicións cada vez máis radicais van achegando ao troskismo que daquela estaba representado polo Partido Obreiro de Unificación Marxista (POUM). Na súa etapa xuvenil afonda na súa amizade con Ánxel Fole quen editaba en Lugo "*Yunque*" unha revista de forte contido esquerdista.

En 1931 comezou a bacharelato no Instituto de Ensino Secundario. Coa proclama da República comezan a espertar as súas inquedanzas políticas. Nun acto que realiza o Partido Galeguista o 22 de marzo de 1932 no Teatro Principal de Lugo coa participación de Castelao, Paz Andrade e Suárez Picallo, o mozo Lorenzo achégase por primeira vez ao ideario nacionalista. Poucos meses despois o 11 de xaneiro de 1933 fúndanse as Mocidades Galeguistas de Lugo coa presenza de Servando Gómez Aller e o deputado pola emigración Ramón Suárez Picallo. Entre os presentes atopábanse Ramón Piñeiro e Lorenzo Varela e outros.



Os mozos galeguistas guiados politicamente por Castelao e Suárez Picallo ían máis alá que os

Cando remata o bacharelato en 1935 trasládase a Madrid e comeza a súa actividade intelectual. Alí contactou con outros galegos que tiñan ideas similares, Granell, Dieste, etc. Foi membro das Misións Pedagóxicas e formou parte do equipo de redacción da revista "**PAN (Poetas, Andantes e Navegantes)**". Nela participaba Rafael Dieste, Otero Espasandín, Antonio Baltar e Fernández Mazas, entre outros. En 1936 colaborou como crítico literario no "*Sol*", afamado xornal liberal republicano onde escribían as mellores plumas do momento. A súa estada en Madrid debíase aos seus desexos de principiar a carreira de Filosofía e Letras. Nos seus momentos libres achégase ao café "**La Granja del Henar**" onde se xuntaba un grupo de escritores, políticos e artistas galegos residentes en Madrid. Nese emblemático café de tradición republicana pasaban a diario mozos como os irmáns Dieste,



Laxeiro, que estudiaba pintura, Eugenio Granell, Antonio Sánchez Barbudo, Ramón Suárez Picallo, Otero Espasandín, Fernández Mazas, Carlos Maside e Manuel Colmeiro, entre outros.

"El Mono Azul" e "Hora de España".

Xunto a outros poetas como Alberti, Miguel Hernández, Otalaguirre visitaba as fronteiras de batalla alentando o espírito revolucionario dos milicianos.



CAMPO DE CONCENTRACIÓN DE ARG


En 1936 constitúese en Madrid a **"Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura"**, na que participarán Lorenzo Varela, Rafael Dieste, José Bergamín, Rafael Alberti, Antonio Machado, Federico García Lorca, etc. Lorenzo será un dos máis activos militantes da Alianza incluso foi un dos redactores do manifesto fundacional.

O estoupido da guerra civil cólleo en Madrid dedicado de cheo á tarefa xornalística. A súa primeira reacción foi enrolarse como voluntario á fronte da batalla. O **"miliciano poeta"** pasou a ser comisario político e comandou unha brigada da 11ª división baixo o mando do seu compatriota Henrique Lister. Lorenzo Varela, como era coñecido naqueles anos, afiliase ao Partido Comunista converténdose nun cadro destacado deste partido que durante a guerra soportou o peso máis importante da contenda.



Namentres combatía na fronte, tiña tempo para escribir ou dirixir distintos xornais destinados aos combatentes, entre eles

En xullo de 1937 participa no Segundo Congreso Internacional de Intelectuais Antifascistas que se realiza en Valencia. Os escritores de todo o mundo chegaban á España Republicana para lle transmitir a súa solidariedade cos seus combatentes. Algúns dos nomes dos escritores presentes converteron este Congreso no máis importante da historia contemporánea; con nomes como: Pablo Neruda, Nicolás Guillén, Ernest Hemingway, César Vallejo, Raúl González Tuñón, Octavio Paz, André Malraux, Lois Aragón, etc.



Lorenzo Varela percorrerá as distintas fronteiras de batalla combatendo coas armas e coa palabra ata os últimos momentos da contenda.

Coa perda da Guerra Civil, Varela pasa os Pirineos onde permanece no campo de concentración de Saint Cyprien (Francia) a partir do 10 de febreiro de 1939. O 23 de maio de 1939 consegue embarcar no vapor francés Sinaia rumbo ao exilio de México. O 13 de xuño chega ao porto de Veracruz onde vinte mil persoas agardaban aos 1.599 exilia-



dos que levaba o barco. Alí agardábano os seus amigos León Felipe, José Bergamín, Miguel Prieto, entre outros; ao pouco tempo afundará na súa amizade con Octavio Paz. Neste país retoma o seu traballo literario como codirector das prestixiosas revistas **"Romance"** e **"Taller"**.

Despois dalgúns anos en México, a finais de 1941, decide ir a Bos Aires onde vive o seu pai José Ramón Varela García.

No porto de Bos Aires estábano agardando os seus amigos Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Carmen Muñoz e Rafael Dieste. Despois sumaranse outros amigos como Blanco Amor, Rafael Alberti, Federico Rivas, Xosé Suárez, Colmeiro, Antonio Baltar, Otero Espasandín, Núñez Búa, Gumersindo Sánchez Guisande, cos que adoitará ir á tertulia do mítico **"Café Tortoni"** da avenida de Maio ou se xuntarán no restaurante de Elpidio Villaverde **"La Casa de la Troya,"** ao que tamén de vez en cando se acerca o propio Cas-



telao.

Na capital arxentina escribe a súa obra máis importante **"Torres de Amor"**, **"Catro Poemas Galegos"** e **"Lonxe"**. Nesta cidade funda **"De Mar a mar"** e **"Correo Literario"**. Colaborou nos xornais máis importantes deste país: "Clarín", "El Mundo", "La Nación" e das revistas "El Hogar", "Del Arte", "Sur", "Primera Plana", "Cabalgata", etc. Tamén realizou xornalismo radiofónico xunto ao destacado fotógrafo Horacio Cópola no programa **"Ho-**

ra Once". Foi un excelente crítico de arte e ao mesmo tempo dedicouse a realizar traducións do portugués ao castelán; unha das obras máis coñecidas das súas traducións foi **"Doña Flor y sus dos maridos"** do escritor brasileiro Jorge Amado. En 1956, despois de moito camiñar polo mundo sentimental, casa con Mari-ka Gerstein, profesora de idiomas, muller culta de ascendencia xudía.



Desde a súa chegada a Bos Aires ao porteño barrio de Nueva Pompeya, Lorenzo Varela incorpórase á militancia política. Coa división do Partido Comunista de España en distintos sectores enfrontados, Lorenzo Varela toma a decisión de se distanciar desas liortas e comeza a militar dentro do Partido Comunista Arxentino colaborando na Frente Cultural. Alí comparte a súa militancia con destacados intelectuais e artistas arxentinos: Bruzzone, Raúl Larra, Horacio Guaraní, Mercedes Sosa, Armando Tejada Gómez, Raúl González Tuñón, Alfredo Varela, Alvaro Yunque, Héctor Agosti, Héctor Negro, etc.

Nunha reportaxe que lle realizou Luís Seoane para a revista **"Galiza Emigrante"** dirá da emigración galega en Bos Aires:

"Galiza a través dos seus emigrantes forneceulle á Arxentina dúas cousas fundamentais: na época crioula o sentimento do misterio, da lenda: a luz mala ou libicán. Na etapa porteña, o "picnic", si, o picnic, o descubrimento da natureza unido a sociabilidade, esa sociabilidade que é a orixe dunha característica galega, xa suficientemente apreciada na Arxentina: o mutualismo."



O galego únese fondamente ao clima humano e xeográfico en que vive sen renunciar a súa afastada e mítica Galiza. E ama a Córdoba como se fose Ourense, ou a Mar de Plata como se fose a Costa da Morte. Ensina aos seus fillos a ser arxentinos, a respectar a natureza xeográfica e a tradición histórica que pesan sobre esta patria, a venerar o sangue dos seus pais e a unir esta veneración á que inspira a terra en que se nace. Non se pode dicir doutro xeito ata que punto o galego xoga limpo e é leal, aínda a custa de que esta lealdade faga que os seus fillos se sintan distantes das raíces ás que lles debe o ser".



O tan ansiado regreso prodúcese en plena transición política española, acelerado pola situación política que se vivía en Arxentina (represión do dictador Videla tralo golpe de estado) e logo dunha viaxe por Europa: entre 1976 e a súa morte vive entre Galicia e Madrid matinando novos proxectos culturais pero nun ambiente de indiferencia e menosprecio cara a súa persoa. Só Xesús Alonso Montero e Ánxel Fole saúdan o seu regreso, e únicamente Díaz Pardo recolle o testigo dalgunha das súas iniciativas como a posta en marcha do **Instituto Galego de Información** que Lorenzo Varela concebía como instrumento de comunicación e recuperación da moderna historia de Galicia.

A soedade a peor das compañeiras dun home que viviu os seus últimos anos sen a comprensión necesaria, foino levando a unha morte prematura. Algúns dos seus amigos chegaron a simbolizar que foi unha morte buscada. A madrugada do 25 de novembro de 1978 desvanécese na rúa e falece na



ambulancia que o trasladaba á clínica. O seu corpo foi soterrado posteriormente no cemiterio familiar de **Monterroso (Lugo)** esperando que algún día os seus amigos depositen no seu nicho, unha cesta de mazáns como fora o seu pedido en vida.



LUGO

Na fonte de ferro,
no coiro dos bois
no espello do vento,
da navalla e da frol.
No recén da herba,
no lobo e no can,
nos ollos da meiga,

na pedra do lar.
No refaixo dela,
na ponte do alén
no andar das ovellas.
no ar do mencer.
No cabalo quente,
no viño millor



no que non se perde
no meu corazón.
Na noite senlleira,
no liño tecido,
na madeira tenra
dos vellos castiros.

Na vida, na morte, no amor e no ren,
loubareite, Lugo de aceiro e de mel.

AUTORES HOMENAXEADOS NAS LETRAS GALEGAS

1963 Rosalía de Castro
1964 Castelao
1965 Eduardo Pondal
1966 Francisco Añón Paz
1967 Manuel Curros Enríquez
1968 F. López Cuevillas
1969 Antonio Noriega Varela
1970 M. Valladares Núñez
1971 Gonzalo López Abente
1972 Valentín Lamas Carvajal
1973 Manuel Lago González
1974 X. V. Viqueira Cortón
1975 X. Manuel Pintos Villar
1976 Ramón Cabanillas
1977 Antón Vilar Ponte
1978 Antonio López Ferreiro
1979 Manuel Antonio
1980 Alfonso X, O Sabio
1981 Vicente Risco
1982 Luis Amado Carballo
1983 Manuel Leiras Pulpeiro
1984 A. Cotarelo Valledor
1985 Antón Losada Diéguez

1986 Aquilino Iglesia Alvariño
1987 Francisca H. Garrido
1988 Ramón Otero Pedrayo
1989 Celso Emilio Ferreiro
1990 Luís Pimentel
1991 Álvaro Cunqueiro
1992 Fermín Bouza-Brey
1993 Eduardo Blanco-Amor
1994 Luís Seoane
1995 Rafael Dieste
1996 Xesús Ferro Couselo
1997 Ánxel Fole
1998 Martín Codax, Johan de Cangas e Meendinho
1999 Roberto Blanco Torres
2000 Manuel Murguía
2001 Eladio Rodríguez
2002 Frei Matín Sarmiento
2003 Antón Avilés Taramancos
2004 Xaquín Lorenzo Fernández
2005 Xesús Varela Vázquez

LARPEIRADAS DA NOSA COCIÑA

BEN ME SABES

INGREDIENTES: 12 biscoitos, 6 ovos, 6 culleradas de azucre, 2 cuncas de xerez doce e canela.

PREPARACIÓN: En primeiro lugar separemos as claras das xemas, poñendo as primeiras a punto de neve. Por outro lado mesturaremos as xemas co azucre e cando estean ben unidas sumarémoslle as claras. No fondo dunha fonte, que utilizaremos para facer esta receita, colocaremos os biscoitos, que emborracharemos no xerez, sobre o que poremos a masa que fixeramos cos ovos e o azucre e, por último, salpicámoslos con canela.

BOLOS DE MILDIO

INGREDIENTES: 800 gramos de fariña, 400 gramos de azucre, un cuarto de quilo de manteiga de vaca, 10 ovos, 1,5 cullerada de canela, 1 limón.

PREPARACIÓN: Bateremos os ovos e mesturaremos co azucre, a manteiga, a canela e o zume de limón. Logo engadirémoslle, pouco a pouco, a fariña ata formar unha masa. Coa masa faremos varios bolos, dividíndoa en cachos. Poremos os bolos no forno co fin de que se douren e cando estean listos, retiráremoslos.

LEITE FRITIDO

INGREDIENTES: 2 xemas de ovo, 2 ovos, tres cuartos de litro de leite, 5 culleradas de azucre, 5 culleradas de maicena, 1 rama de canela, 1 casca de limón, fariña, aceite, azucre e canela.

PREPARACIÓN: Esluiremos nun pouco de leite a maicena. O resto do leite porémolo a quecer co azucre, a canela en rama e a casca de limón. Xusto no momento antes do primeiro fervor, agregaremoslle a maicena, sen deixar de

mover, e deixaremos cocer uns cinco minutos. Despois retirámolo do lume (sen deixar de movelo) e, ó arrefecer un pouco e esta temperá, engadirémoslle as xemas. Retiramos o limón e a canela e estendémolo nunha fonte fonda. Déixase arrefecer unhas dúas horas, córtase en cubiños, rebózase en fariña e ovo e frítese. Logo salpícase con azucre e canela.

MOUSSE DE LIMÓN


INGREDIENTES: 1 bote de leite condensado, medio litro de nata montada, tres limóns.

PREPARACIÓN: Mesturamos o leite co zume dos limóns e a cortiza relada de medio limón e a nata. Metémolo no frigorífico e servímolo frío.

ROSQUÍÑA GALEGA

INGREDIENTES: 1 ovo, 200 gramos de fariña, un cuarto de litro de aceite de oliva, 50 gramos de azucre, un limón, media cunca de augardente e sal.

PREPARACIÓN: Comezaremos por mesturar o ovo co zume de medio limón, media cunca de aceite e un chisco de sal. Unha vez unido disporémonos a tomar anacos desa masa e darlle forma de rosquiña. A continuación, fritímolos. E por último, salpicámoslos con azucre.



3A

A VENDIMA

¿Como se fai o viño?

- Machúcase no barril, déixase ferver e logo prénsase.

¿En que mes se vendima?

- En setembro.

¿Faise algunha festa?

- Si.

¿Onde se fai o viño?

- No lagar.


¿Con que se fai?

- Con uvas.


¿Como se vendima?

- Córtanse os acios.

¿COMO É UN BARRIL?




BARRIL POR DENTRO:



Parafina: unha especie de verniz que protexe a madeira.

O LAGAR:

O Lagar é o sitio onde se prensan as uvas. Os antigos lagares eran de pedra.



SETE UVAS

Érase unha vez sete uvas nun acio. Estaban soas e tristes.

Un día foi unha araña por alí e preguntoulle que lles pasaba e as uviñas

respondéronlle:

- Estamos moi tristes porque somos poucas e os demais acios son grandes coma pelotas.

A araña díxolles:

- Eu o único que podo facer por vós é comervos.
- ¡Non! – dixeron elas – nós queremos estar no corpo dunha persoa.

A araña non lles fixo caso e comeu unha delas. Agora si que ían estar tristes. Por sorte veu un paxaro e espantou á araña. O paxaro preguntoulles:

- ¿Que vos pasa?
- E que xa estábamos tristes porque eramos poucas e, aínda por riba, veu a araña e comeu a unha de nós.

O paxaro díxolles:


- Vovos picar.
- ¡Non!

Pero o paxaro quixo comelas a todas pero, por sorte, antes de que o paxaro o fixera veu unha nube e espantouno.

- único que podo facer é chorar a cántaros – dixo a nube.

Dúas das uvas caeron ó chan. Ó día seguinte un avó e o seu neto ían falando da vendima, cando viron no chan ás dúas uvas e coméronas. Despois o dono da viña colleu as catro uvas que quedaron e levounas para a casa. Alí repartiunas entre os seus catro netos porque lle pareceron boas e doces. Os seus netiños agradecéronllo moito porque estaban boísimas.

E as uvas, por fin, quedaron felices.



OS AVÓS E AS UVAS

Os avós e as uvas teñen moita relación porque antigamente o viño facíase na casa


Os nosos pais ou nais, hoxe en día, compran o viño no supermercado, pero o viño do supermercado non ten a natureza do viño feito na casa.

O VIÑO PARA AS COMIDAS

- O guiso faise con viño.
- O viño do guiso é viño branco.
- Tamén a xente de antes facía sopas de viño.
- As uvas tamén son boas para o postre.
- O zume de uvas é o mosto.
- As uvas tamén se comen no **fin de ano**.

Refrán:

“Con pan e viño,
ándase o camiño”.



4°.


VIÑOS DE GALICIA

O viño chegou a Galicia cos romanos, sen embargo foron mosteiros como Armenteira, Oia, Melón, San Clodio, Oseira, Celanova ou San Estevo de Ribas de Sil os responsables da súa expansión. Neles, os abades de orixe francés ensinaban técnicas, adecuaban variedades e imponían o cultivo da vide, ata o punto de que o dereito foral recolle pagos en unidades de viño.

Durante o medievo, o viño garantiu unha absoluta sanidade nunha época onde os alimentos transmitían pestes e enfermidades, pero tamén supoñía unha importante actividade económica. O propio Miguel de Cervantes fíxose eco da importancia do viño do Ribeiro, que se

vendía en media Europa, no século XVII, e era embarcado para América.

Logo chegou o mildeu, o oídio e, finalmente, a filoxera, pragas procedentes de América que causaron grandes danos. A solución tamén chegou de América, coa importación de pes resistentes que serviron de portainxertos ás variedades autóctonas. Todo isto, impulsou uns viños que, hoxe, contan con cinco **Denominacións de Orixe: Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras**.



A denominación **Rías Baixas** (*albariño, caíño e loureiro*) ten as súas raíces nas comarcas do Salnés, Condado, Rosal e Soutomaior. Son solos graníticos, areosos, algo ácidos, pouco profundos e con baixo contido en materia orgánica.

A denominación **Ribeira Sacra** xurdiu en 1996. Este viñado medra nas ladeiras dos ríos Miño, Sil, Bibei e Cabe. A comarca divídese en cinco subzonas: Chantada, Quiroga-Bibei, Ribeiras do Miño, Amandi e Ribeira do Sil.

As festas rurais galegas sempre se regaron cos viños do **Ribeiro** das zonas de Castelo de Miño, Rivadavia, Arnoia, Carballeda de Avia, Leiro, Cenlle, Beade, Punxín, Cortejada, O Carballiño, Boborás e San Amaro.

A denominación **Valdeorras** está na comarca occidental de Ourense, preto do Bierzo.

Galicia é un mosaico de viños, pois onde o clima e o solo o permiten hai viñedos. Así, cada casa de labranza é unha bodega; cada paisano, un viticultor; cada outono, unha festa.




3° B.

CONCURSO “ENTRE NÓS EN GALEGO”

Estes son os tres debuxos que resultaron gañadores, no noso colexio, do concurso **“Entre Nós, en galego”**. É un de cada ciclo.


¡¡Noraboa ós tres gañadores!!



Vera Cordeiro Canosa.
1º ciclo



Raquel Álvarez Martínez.
2º ciclo



Josuha Acuña Martínez.
3º ciclo



CONTOS

“CASPER”

Érase unha vez un canciño branco que estaba moi triste porque todos os seus irmáns foran acollidos en distintas casas, pero el non e non tiña con quen xogar.



Pero un día apareceu unha nena e cando viu ó can gustoulle, colleulle cariño e decidiu levalo á súa casa.

Púxolle de nome **Casper** e agora a nena é moi feliz co seu canciño que tamén está encantado coa súa dona.

Roberto 1º B.

“O PAXARIÑO”

Unha nena tiña un paxariño que era o seu amiguiño, sempre lle botaba de comer, pero un día, con mala sorte, a nena deixou a porta aberta un pouco e o paxariño escapou. A nena quedou moi triste vendo como o seu amiguiño se afastaba cada vez máis.

Dentro da súa tristura a nena



pensaba que o paxariño sería libre e voaría cos seus amigos de un lugar a outro.

A partir de agora pensou: “¡nunca máis terei un paxaro encerrado nunha gaiola!”.


Laura 1º B.

A ABELLA MELOSA

Había unha vez unha abella moi pequeniña que tiña unha ovella que se chamaba Doli.


Á abella encantáballe moitísimo o mel e mandaba á súa criada Leila que fose buscar néctar, polen e auga do tulipán do centro do parque multicolor e que lle fixese o mellor mel do mundo.

Mentres Leila ía buscar o que lle pedira, Doli preguntoulle á abella:



- ¿Podo irme de vacacións?.
- E a abella respondeulle:
- Si, pero, ¿a onde queres ir?.
- A unha illa tropical
- Toma, douche o mel que me queda para a túa viaxe
- ¡Moitas gracias!
- Agora voume facer unha casa e ti ocuparaste do teu traballo – díxolle Leila á ovella.
- E a abella fíxoo gustosamente.

Raquel 4º A.



UN DÍA NA CORUÑA



Eran as nove da mañá e soou o espertador da habitación de Uxía. Era o día da viaxe á Coruña.

Uxía xa levaba moito tempo pedíndolle ós seus pais que a levaran

á Coruña porque quería ver a Torre de Hércules e tamén quería ir ó Acuario, porque lle dixeran que había moitos peixes. Ás dez da mañá, xa preparados, puxéronse de camiño.

Uxía estaba moi contenta e ilusionada. No coche miraba polas ventás as casas e as fincas polas que pasaban.

Chegaron á Coruña, foron para o centro da cidade e, como non foran nunca antes, tiveron que preguntar á xente por onde se ía. No paseo da Torre de Hércules había moita xente. A Torre era moi alta e Uxía subiu ó alto da Torre por unhas escaleiras. Desde alí miraba todo o mar da Coruña e tamén o Acuario onde quería ir.

Foron comer a un restaurante que quedaba fronte ó estadio de fútbol da Coruña. Ó acabar de comer marcharon para o Acuario. Alí había peixes de tódolos tamaños e diferentes clases de cores: polbos, centolas, cabaliños de mar, estrelas, etc.

Tamén había uns animais moi raros que parecían focas ou cans, pero eran leóns mariños.

Andrea Sampedro. 3º B.

OS GOLFIÑOS NAMORADOS

Había unha vez un pobo somerxido baixo a auga, ese pobo chamábase “O POBO DOS GOLFIÑOS”, porque alí había moitos golfiños, pero non só están eles, tamén había cangrexos, os tras, peixes de moitas cores, etc.

Había un rei golfiño e a raíña. O rei falou coa princesa Adelaida, a súa filla:

– Adelaida, filla, tes que casarte.

Dito e feito, Adelaida marchou da súa casa para buscar noivo, pero ninguén lle gustaba, por iso foise coas mans baleiras. Tampouco os quería porque ela tiña un segredo. O segredo era que ela amaba a Golfi, que era un golfiño moi simpático e vulgar, pero ela sabía moi ben que os seus pais non lle deixarían casarse con el porque ela era unha princesa e, coma tódalas princesas deben casarse con un príncipe, e Golfi non era un príncipe, entón púxose moi triste e non parou de chorar. O caso era que Golfi tamén amaba a Adelaida.

Pasaron os días ata que chegou a festa da cacería que consistía en coller peixes e o golfiño que collera máis era o gañador e dábanlle unha copa de ouro. Pero os reis para buscarlle marido a Adelaida cambiaron dúas cousas: primeira, que só poden participar os príncipes, e segunda, que o gañador tería que casarse coa princesa Adelaida.

Empezou o xogo. Tódolos xogadores estaban nos seus postos. Ó final de todo gañou



Xarvi, un patético príncipe golfiño.

Despois do que pasou, Adelaida e Golfi puxéronse moi tristes, por iso fixeron unha reunión, pero iso non foi suficiente porque non chegaron a ningún acordo. Fixeron outra reunión ó día seguinte e igual, e o outro tamén.

E así ambos fixéronse moi amigos, e por iso decidiron casar ós seus fillos, cando Adelaida e máis Golfi recibiron a gran noticia puxéronse tan contentos que decidiron casarse ó día seguinte.

Aida Queimaño 3º B.

O ESQUÍO E O PAXARO

Había unha vez un esquío chamado Tambor. Vivía nunha árbore preto dun niño de paxariños. O seu mellor amigo chamábase Plumiñas e tódalas mañás ían os dous xuntos pasear. Plumiñas sempre ía buscar a Tambor á súa casa. Pero un día non o foi buscar e tocoulle ó pequeno esquío ir pola casa do seu amigo. Plumiñas non estaba na súa casa e os seus pais tampouco tiñan idea de onde se puidera meter. Todos estaban tan preocupados que non se lembraron nin de comer.

Logo de darlle miles de voltas, a Tambor ocorréuselle unha idea para encontrar a Plumiñas, irían na súa busca formando un grande equipo. Do que ninguén se decatou foi de que tamén os seguía un humano chamado Ernesto. Ernesto non quería facerlles dano nin nada malo, el era bo amigo dos animais, só quería facer novos e bos amigos e tiña a Plumiñas. Xa se fixeran amigos, aínda que non tan bos como o eran o paxaro e o esquío.

Camiñaron e camiñaron tódolos animais ata atoparse cun can e preguntáronlle:

– ¿Viches un paxariño amarelo?.

O can díxolles:

– Non, eu non vin a ninguén.

Despois camiñaron e camiñaron ata atoparse cunha ovella moi branca, moi branca, que estaba pacendo nun prado. Preguntáronlle de novo se vira ó seu amigo Plumiñas pero a ovella tamén lles contestou que non vira un só paxaro en todo o día.

Tambor e os demais estaban cada vez máis preocupados e, cando atoparon unha serpe con moi mal humor, non dubidaron en falarlle do seu amigo, aín-

da que tampouco con esta tiveron sorte porque pasara todo o día durmindo e non vira a ninguén ata que eles se achegaron.

Seguiron e seguiron camiñando ata que percorreron todo o bosque. Tiñan tanto medo do que lle puidera pasar a Plumiñas que decidiron acercarse ó pobo para saber se algún humano lle fixera dano ó pequeno paxariño. Tamén tiñan medo de que algún humano o pisara ó cruzar.

Entón a Tambor ocorréuselle outra idea: que eles dous foran voando e el gabeando entre as árbores e rexistrar o pobo.

Estaba anoitecendo e non sabían onde meterse para durmir. Viron unha casiña cunha ventá aberta e decidiron entrar na

casiña para durmir. Entraron nunha habitación e viron a un humano durmindo nunha cama moi grande. Ese humano era Ernesto. Eles colleron un coxín pequeno para durmir. Pasaron as horas e ninguén se decatou de Plumiñas que estaba



nunha gaiola durmindo.

Á mañá seguinte todos se tiveron que erguer antes que Ernesto. Para que non os descubriaran os humanos foron seguir co seu traballo. Cando saíron viron a Plumiñas con Ernesto e decidiron segui-los e espíalos ata que se pararon dentro dun comercio de paxaros. Cando os viron saír cunha morea de comida para paxaros foron correndo a xunto del e díxéronlle a Plumiñas que regresara á casa con eles, pero este díxolles que foran con el para a casa de Ernesto. Estiveron discutindo todo o camiño e, cando chegaron á casa, o humano descubriunos e deixou que se quedaran todos con el. Ó fin fixéronse moi amigos todos e foron amigos para sempre.

Irene Santos 3º B.

O MEU CAN FLOREN

Atopei un can abandonado chamado Floren. É todo castaño menos o pescozo. Ten uns ollos e unhas patas grandes e é da especie dos paleiros. Floren andaba co can da miña veciña. A miña avoa, como Floren era tan cariñoso, deulle pena e collémolo para a nosa casa.



A min gústanme moito os animais. Un veciño pegoulle cun pao no lombo e eu, desde que o souben, téñolle moito máis cariño.

Non entendo como lle pegou o veciño a un can tan bo que xoga comigo na praia, que se tira das rochas á auga, que nada e que se tumba na area.

Ademais, cando eu ando na bicicleta el vén detrás correndo.

Non sei como puideron abandonar un can tan bo. É o mellor can do mundo.

Por iso eu dígolle á xente con este canto que non maltraten ós cans e que coiden ós que vexan abandonados.

Luís Pastoriza 3º B.

O TRASNO BROMISTA

Nun río pequeno e limpo vivía un trasno baixiño, regordete e traveso. Ó Trasnó encantáballe gastar bromas ás ras. Un día as ras metéronse no río e o Trasnó asustounas. Entón, as ras collérono e puxéronlle as cousas claras. Desde aquela o Trasnó nunca máis volveu a facer bromas e as ras e o Trasnó fixéronse moi amigos.

Erica Ferradás García (3º A)

O VAMPIRO TORPE

Había unha vez un castelo misterioso onde vivía un vampiro.

O Vampiro ademais de face-las pocións máxicas comía lambetadas.

Un día decidiu ir dar unha volta pola cidade e atopouse cunha tenda de lambetadas, e como el non sabía ler pensou que estaba aberta. E, coas ganas que tiña de comelas, colleu careiriña e espetouse contra a porta.

O pobre tivo que ir ó hospital, cunha perna do revés, a outra co pé revirado e o cadril esnaquizado. Aínda por riba tocoulle ir parar cos seus ósos a unha cama escangallada.

Pasaron sete días e seis noites ata que, por fin, recuperouse. Déronlle a alta e foise para a súa casa.

Serafin Martínez Canosa (3º A)

Sara Bernárdez Gómez (3º A)

O CONFUNDIDO OCULISTA

Hai uns anos unha señora, á que lle picaban os ollos, foi ó oculista.

- Doutor, doutor, pícanme os ollos. ¿Que me recomenda?
- Pois, bótelle este produto ós ollos tódalas noites - dixo o doutor confundíndose e collendo un bote de cola.



Entón, a señora ó chegar á súa casa díxolle seu maridiño:

- Bótame este produto nos ollos.
- ¿Pero isto non é cola?
- Non creo, ó mellor cambiou de bote o produto.
- En fin, créote, pode ser. Por certo, ¿cantas gotiñas tes que botar?
- Díxome que seis, tres en cada ollo.
- Mmm, mmm, mmm, Unha, dúas, tres ...

- ¡Non podo ver nada!
 - Non te preocupes, será a reacción. Déitate e non te preocupes.
 - Está ben, de acordo –dixo a señora meténdose na cama.
- Ó día seguinte...
- ¿Que tal cousiña miña? ¿Xa podes ver?
 - ¡Non podo nin abri-los ollos!
 - Non te preocupes, hoxe iremos ver ó doutor Ramírez.

Na consulta ...

- Moi ben señora, xa lle fixemos as probas. O que nos din é que vostede ten que ser operada polo doutor López e polo doutor Marabilla.

Durante a operación ...

- Xa imos acaba-la operación – dixo o doutor López – Esta señora é moi forte.

Na sala de espera o marido da señora estaba moi nervioso, pero o que non sabía era que a súa muller era moi, moi forte.

Cando saíu da operación o marido alegrouse moito de ver á súa muller totalmente recuperada.

E esta parella tivo moitos fillos, e foron felices e comeron perdices e a min non me deron porque non quixeron.

Marta López Romero (3º A)

Salvador Barros Meis (3º A)

Carme Lorenzo Saiz (3º A)

O NENO EXPULSADO

Este era un neno chamado Raúl. Un día quedou castigado no recreo porque andaba a falar na clase. A directora mandoulle ós seus pais unha carta para que soubesen que se portou mal ese día. Ó chegar á casa, os seus pais castigárono sen ve-la televisión. Pero, ó día seguinte, o neno xa estaba xogando cos seus amigos. Ese día, o neno pelexou con outro neno da súa idade e mandárono á dirección. O neno non quería ir e mandáronlle unha carta máis ós seus

pais. Esta vez era porque se pelexou cun compañeiro do colexio.

A Raúl non lle importaba aínda que o castigasen, el seguiría xogando cos seus amigos.


Un día os pais quitáronlle a cousa que máis quería, que era o ordenador. Ó seguinte día, o neno non se decatou de que lle quitaran o ordenador, e volveuse portar mal no seu colexio e a directora expulsouno. Os pais cando se decataron mandaron ó neno ás clases particulares tódolos días da semana.

Ó principio das clases o neno non facía nada pero despois coñeceu máis amigos, máis listos ca el, e Raúl ía á casa dos seus amigos novos e pasaban todo o día estudiando. O neno, no segundo trimestre, foi recuperando pouco a pouco tódalas materias que tiña suspenas.

No terceiro trimestre, Raúl tiña un exame de coñecemento do medio. Estudiara moito cos seus amigos novos e nel, sacou a nota máis alta da clase, pero a profesora pensou que tiña unha chuleta escondida. Os pais cando viron a nota sacárono da clase e deixárono ir ás casas dos amigos.

Cando chegaron as vacacións do verán, Raúl invitou ós seus amigos de sempre e ós novos. Fixeron entre todos unha cabana no monte que estaba cerca da súa casa. Cando a tiñan lista decidiron facer unha festa. Levaron Coca-Colas, unha botella de Kas, e moitas lambonadas. Pasárono moi ben todos xuntos ese día. E, desde ese momento, Raúl e os seus amigos sempre xogaron e estudaron.

Jason Díaz Garrido 5ºA.



O AVIÓN DE CONTAS

Esta é a historia de catro rapaces ós que ir á escola lles daba algo de alerxia, e non digamos facer exames, entón púñanse máis ca enfermos.

Pablo, Xoán Ramón e Luís eran os rapaces máis vagos do colexio, non lles gustaba nada estudar. O deles era o fútbol e argallar trasnadas, Nos últimos días fixeran un bo lote de exames, e á semana seguinte quedáballes por facer o de matemáticas, o máis difícil para todos eles.

Todo comeza nunha mañá calorosa e, coma sempre, eles en vez de estudar, estaban pensando como podían facer para que este último exame, por fin, lles saíra ben. Luís propúxolle a todos unha toleada que se lle pasara pola cabeza.

¿Que querían facer? Pois Luís quería facer un avión de papel no que poñerían tódalas contas e os problemas máis difíciles, e así serialles máis doado pasalo dunha mesa a outra. Todos dixeron que si ó momento, e así foi. Chegou o día e os rapaces estaban co medo de que todo saíse mal e a mestra se dese de conta, pero eles seguiron adiante co plan. Pablo comezou a facer as contas con moita rapidez, logo ó remataren fixo o avión, agachouno no peto, e entrou na clase. O avión planeaba entre as pernas dos outros rapaces e ningún parecía decatarse,

O plan saíralles perfecto, a mestra non se decatou do **AVIÓN DE CONTAS**. Non o viu voar, nin aterrar en ningunha das mesas. Todos eles quedaron moi aliviados cando o timbre do colexio anunciou o remate da clase e do exame, parecía que tiveran sorte. Saíron ó patio e Xoán tirou o avión a papeleira.

O problema case estaba resolto. Cunha pouca de sorte poderían probalo facer outras veces.


Ó día seguinte daban as notas do exame, ¡que nervios tiñan eles, tremíanlle ata as orellas!.

A mestra comezou a falar:

_Pablo, un dez. Luís, un dez.

_Un dez tamén Xoán e Ramón. E así ata dar tódalas notas da clase. A mestra sorprendeuse de que os seus alumnos se esforzaran tanto neste último exame, parecíalle un milagre e ó mesmo tempo un pouco raro, pero non lle deu importancia.

Logo do recreo tiñan clase de galego, Ramón foi afiar un lapis á papeleira, e sen darse conta tirouna ó chan, con tan mala sorte que o **AVIÓN DE CONTAS** caeu ós pés da mestra, ¡menudo lío!, Ramón quedou branco de súpeto; a mestra de seguida se deu de conta do que estaba pasando, e despois de darlle unha boa reprimenda, chamou ós seus pais.



Os catro nenos estaban moi sentidos polo que fixeran, nunca sentiran tanta vergoña, e pedíronlle perdón á mestra e tamén a seus pais. Prometeron que nunca máis volverían facer tal cousa, que se esforzarían ó máximo a partir de ese día e que non decepcionarían a ningún.

O castigo foi dos que non se esquecen en moitísimo tempo, e Luís, Ramón, Xoán e Pablo aprenderon a lección de

que copiando non se chega a ningunha parte.

E esta é a historia do **AVIÓN DE CONTAS**, no que uns rapaces querían gañar e saíron perdendo.

NOTA.: ¿Queredes aprender a facer avións de papel.?

Sara Garrido López 6º A.

TRUCO E TINO: DOUS AMIGOS DIFERENTES.

Esta é a historia dun pequeno coello e máis do seu amigo especial.

Truco, que así se chama o noso protagonista, foise ó bosque en busca dun amigo co que xogar, pois os seus irmáns eran moi pequeniños e non podían saír da casa. Despois dunha longa camiñada atopou a Tino, un pequeno lobiño que andaba un pouco despistado, ó que lle preguntou:

– ¿Queres ser meu amigo?

O Lobato sentiuse tan ledó que non dubidou en responder:

-Si.

E fóronse xuntos a explora-lo bosque, xa que ningún deles o fixera antes.

Á tarde volveron cada un ó seu fogar e contáronlle a súa aventura ós seus pais.

Por parte dos pais do Lobato non houbo nada que replicar, xa que estaban moi contentos de que o seu fillo topase un amigo, pero os pais de Truco non lles parecía moi boa idea porque os lobos non tiñan moi boa fama entre o resto dos animais.

Truco non lle fixo caso e deitouse.

Á mañanciña marchou en busca do seu amigo Tino para xogar e bañarse nun pequeno regato. Todo ía ben ata que, de súpeto, sentiron algo entre os arbustos, votaron a correr ata que chegaron a un claro do bosque, desde alí víase todo moito mellor e, polo que viron, non tiñan nada polo que preocuparse, decidiron volver á súa casa pero ese día cada un foi por un camiño diferente.

Truco camiñou moi apresa, aínda tiña o medo no corpo, e quería chegar pronto ó seu fogar onde, sen dúbida algunha, se sentiría mellor.

Levaba un pouco camiñando cando se asustou e meteuse no medio duns arbustos.

De súpeto, sentiuse un enorme e doloroso berro.

Alí estaba todo cheo de dor o coelliño cunha pata metida nunha trampa. Despois dun bo anaco, pensou que non se salvaría, zafaría de noite e sería máis difícil atopalo.


Nese intre chegou ó seu carón Tino, que dende lonxe sentira o berro de Truco, con todo o coidado do mundo, quitoulle a pata da trampa e levouno a costas ata a súa casa, onde mamá loba sen dubidalo o curaría, para logo levalo a carón da súa nai.

Cando chegaron á cova do lobo, a señora loba, con moito coidado, vendoulle a ferida e mandouno descansar antes de que volveuse ó seu fogar.

Mentres os pais de Truco estaban moi preocupados pois era noite e o seu fillo non aparecía. Papá coello decidiu ir a buscalo ó bosque.

Cando ía pola corredeira, ó lonxe, viu aparecer un lobo.

Ó principio asustouse pero logo viu que era o lobiño que traía a Truco subido no seu pequeno e peludo lombo,



Os coellos pedíronlle perdón a Tino máis os seus pais, por desconfiar deles.


As súas familias foron amigas para sempre.

MORALEXA: Non desconfíes de alguén só polo seu aspecto.

Rebeca Agulla Peixoto 6º A.

POESÍAS

O outro día chovía,
os paxaros se mollaban
mentres eu vía
como voaban.



Roberto 1º B.

“As flores”

As flores son bonitas,
as árbores tamén,
a herba corta os dedos
e non nos podemos achegar.
As margaridas son
as flores máis bonitas
coas que te podes atopar.

Cielo 1ºA

Unha bolboreta
ía de flor en flor
moito presumía ela
coas súas ás de cor.



Susana 1º B.

“O mar”

Eu non quero ir o mar
pois nel me podo mollar,
nel hai tiburóns e baleas,
e polbos, e estrelas de mar,
e algas verdes e peixes,
que nos poden trabar.

Vera 1ºA


As baleas beben
no fondo do mar,
e as algas se moven
coas ondas do mar.

José 1ºA

Mar mariñeiro,
do mar será,
compra un barco
e a navegar.

Mar mariñeiro,
do fondo do mar,
compra aparellos
e a navegar.

Rubén 1º B.



A flor

Na casa da miña tía
apareceu unha flor
achegueina ó nariciño
e non me gustou o olor.
Tireina moi cabreada,
sentindo moito dolor.
Unha espiña me cravou
¡gota de sangue! ¡que horror!
Eu púxenme moi nerviosa.
Esa flor era o terror.



Sandra Smith. 6º B.

O Guerreiro

Naquel castelo esperaba
un guerreiro con fervor
para relata-la historia
dunha guerra de terror.
Malferido e algo canso
agradaba baixo o sol
e lembrou á súa dona,
seu único e fiel amor,
para brindarlle a vitoria
conseguida con valor.



Ángel M. Torres 6º B.

As ratas

Na porta da miña casa
atopei a Guillermina
que mataba moitas ratas
cando saltaban a esquina.
Ás sete e media da tarde
escribían os espías
sobre ratas maltratadas
e berraba Guillermina:
¡esas ratas non son miñas!.




Cati 6º B.

CÓMIC

A biblioteca do noso colexio organizou un concurso de cómics, resultando gañador o de Ángel Manuel Torres Ferradás de 6º B. Aquí o tendes:



Un día pola mañá.....



É reconecen toda España.....




Don Quixote regaloulle o colgante a Belusina.



É aquela tarde partiu de viaxe.



Confundiu a un mendigo.



AVES DA ILLA DE ONS

AS ILLAS ONS

As illas Ons, atópase no noroeste de España, na Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente na Provincia de Pontevedra e no centro das Rías Baixas, protexendo a entrada da ría de Pontevedra. Teñen como límites: ó norte, o Grove e a praia da Lanzada, ó oeste o Océano Atlántico, ó sur as Illas Cies y ó leste Sanxenxo e a ría de Pontevedra. A súa lonxitude máxima é de 6 km de norte a sur e un ancho máximo de 1,5 km. A superficie das illas é de 427,5 hectáreas. Está dividida en 8 barrios e ten 5 praias que se poden visitar. Pertencen ó Concello de Bueu, dende onde sae un catamarán rápido que nos pode acercar tras 30 minutos dunha preciosa ruta pola Ría.

FAUNA - AVES DA ILLA DE ONS

O colectivo animal máis importante das illas Ons é a colonia de cormorán moñado, o núcleo de cría máis importante da Península Ibérica, xunto co das illas Cíes. Outras moitas aves solen criar en Ons, aínda que practicamente desapareceron a perdiz e o arao, que ata os anos 60 aniñaba entre as rochas en grandes grupos. Ons é, ademais, unha importante zona de descanso na ruta das aves migratorias.

Gaivota arxéntea. (*larus argentatus*)

Gaivota con dorso e plumas cobertoiras das ás de color gris cinza e patas color carne.



As colonias de cría destas gaivotas poden ser moi numerosas. Durante a nidificación tórnanse moi agresivas. Os casos

canibalismo en que os adultos comen ós polos son entón moitos frecuentes.

Gaivota pata amarela (*larus fuscus*)

Gaivota de ás grandes e puntiguadas, pico robusto e curvado, máis pequena ca gaivota arxénte e coas patas amarelas. Habitan nas costas en grupos numerosos e aliméntanse de peixes.



Cormorán moñado (*Phalacrocorax aristotelis*)

Frecuente en costas rochosas e illas con acantilados e covas. Cría formando colonias en mesetas rochosas e constrúe os seus niños entre as rochas.



Aliméntase de peixes. Na Illa de Ons nidifica principalmente na zona oeste e na illa da Onza na zona sudoeste. A maior concentración de niños encontrámoslos dende a Punta Liñeiro a Cova da Vella.

Cormorán común. (*Phalacrocorax carbo*)

É un ave moi grande, sobre 90 cm. e ata 2,5 kg. A plumaxe é de aspecto uniforme negruzco. Ten o peteiro largo, con un gancho na punta. Captura os peixes



mentres mergulla (megúllase na auga, e en base á velocidade e desprazamento pesca os peixes cos que se alimenta). Cría de Abril a Xuño. Constrúe os seus niños entre as rochas.

Arao común (*Uria aalge*).

Mide uns 42 cm. aproximadamente e ten un pico puntiagudo. No verán as plumas da gorxa son de color negro e no inverno brancas. Pasa a maior parte do tempo en augas costeiras e cría en saíntes de acantilados, normalmente en compañía de alcas e gaivotas .



Alcatraz (*Sula bassana*)

É unha ave mariña de gran tamaño que vive solitaria lonxe da costa. Na época de cría forma grandes colonias en cantís rochosos de certas illas .Aliméntase de peixes ós cales captura lanzándose en picado, ás veces desde trinta ou máis metros de altura. Acostuma a voar baixo realizando planeas curtas.



Pomba torcaz (*Columba palumbus*)

É máis grande co resto das pombas. Ás veces agrúpase formando grandes bandadas. Pódense mirar mesturadas con pombas domésticas e



zuritas. Escapa ruidosamente ante calquera perigo. É moi frecuente en diversos ámbitos e fai os seus niños nas árbores.

Pomba bravía. (*Columba livia*)

É a máis primitiva de das pombas. Mide uns 33 cm. Ten un vistoso plumaxe de color gris-azulado, con verde e violeta nos lados do colo. O seu voo é moi rápido e normalmente baixo. Podemos atopala en cantís mariños e en ruínas .Fai os seus niños en grechas, covas e as veces entre rochas.



Perdiz (*Alectoris rufa*).

Mide uns 34 cm. Ten as patas de color vermello, unha mancha branca na gorxa bordeada por unha banda de color negro puro e baixo dela raías tamén negras. Atópase en lugares secos e pedregosos, entre arbustos e en monte baixo. Aliméntase de brotes, xemas, sementes e insectos. É unha especie practicamente desaparecida na Illa de Ons.



Gorrión (*Passer domesticus*).

Mide uns 15 cm. O macho ten coroa gris e peito negro e a femia o peito claro cunha raia mate enriba do ollo. É frecuente



atopalo en campo aberto, parques e xardíns das cidades. Fai os seu niño baixo o beirado de tellados, en buracos de paredes e rochas e tamén en niños artificiais. Come principalmente grans e alimenta as crías con insectos.

Xilgaro. (*Carduelis carduelis*)

Mide uns 12 cm. Os dous sexos son iguais. Ten a cabeza e partes superiores manchada de vermello, ás moi marcadas de negro e amarelo, cola branca e negra e dorso pardo-leonado. Habita en bosques claros, plantacións de froiteiras, campos de restollos... alimentándose principalmente de sementes de cardo e dente de león.



peteiro negro e cola en forma de cuña. Vive en acantilados mariños, bosques, campo aberto e sobre todo en lombas e montañas. Constrúe o seu niño con barro e ramas en árbores e saíntes rochosos. É unha ave omnívora, come de todo, pero polo xeral aliméntase de animais mortos, de coellos, ratas, ...

Pega (*Pica pica*).

Mide uns 46 cm. O seu corpo é branco e negro cunha cola longuíssima. É frecuente atopala en campo aberto con árbores e matogueiras e tamén en parques e xardíns das cidades. Afeccionada a roubar obxectos brillantes que esconde nun gran niño que ten forma de cúpula. Voa de forma lenta e desgarrada. Aliméntase de insectos, ratos, lagartixas e pequenas aves.



Pardillo. (*Carduelis cannabina*)

Mide uns 13 cm.. Dorso pardo avermellado; cunha franxa branca; cola escotada con bordos brancos; no verán con fronte e peito de cor vermello carmín. Na época da cría prefiren lugares con abundancia de arbustos baixos. Aliméntase de sementes de herbáceas; algúns insectos, especialmente eirugas.



Chova piquirroxa (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*).

Habita en acantilados e zonas rochosas de alta montaña e tamén en acantilados e afloramentos rochosos preto do mar. Constrúe o niño sempre aproveitando saíntes, grechas o covas inaccesibles. Aliméntase de larvas, eirugas, caracois, saltóns e arañas. Tamén de algunhas sementes, sen chegar a ser un perigo para as colleitas.



Corvo (*Corvus corax*).

Mide uns 63 cm. Ten o corpo totalmente negro,



Cuco (*Cuculus canorus*)

Ave tamaño medio, mide 33 cm., de color gris, con longa cola manchada de branco. Habita nos bosques mixtos de coníferas e frondosas e no monte baixo, sobre todo en niveis medios de montaña. A femia pon os seus ovos en niños doutros paxaros, un por cada niño que parasita. Cando este ovo eclosiona, o primeiro que fai a cría de cuco e expulsar os ovos do paxaro parasitado e reclamar para si todo o alimento do seu “pai adoptivo”. Aliméntase principalmente de eirugas e tamén de insectos e caracois.



en bosques aclarados e contornos urbanos, próximos ó home. Caza suspendéndose entre os 10 e 30 metros de altura coa cola aberta en abano, inspeccionando o terreo. Cría en solitario e en ocasións aproveita os niños vellos de esquiños e outras aves rapaces.

Andoriña (*Hirundo rustica*)

Son aves migratorias de longa cola gallada, con fronte e gorxa de color pardo-avermellado, ás estreitas, picos gráciles e puntiagudos a miúdo levados cara abaixo cando voan. Fai os seus niños baixo o beirado de tellados en granxas e casas de labranza. Aliméntase de insectos

**Moucho.** (*Athene noctua*)

Ave de rapina, en gran parte nocturna, con cabeza grande, cara achantada, e ollos dirixidos cara adiante. Habita en bosques de coníferas, campos de froitas, terras de labor e sobre todo cerca de enclaves humanos. Aliméntase basicamente de insectos, ratos e aves.

**Vencello real.** (*Apus melba*)

Mide uns 20 cm. Ambos sexos teñen as partes superiores pardo-grisáceo e as inferiores brancas, cunha franxa pectoral parda. As súas ás son moi grandes. Habita no aire e aliméntase exclusivamente de insectos. Aniña nas grechas das rochas, cantís... A femia deposita entre 2 e 3 ovos de color branco durante o mes de Maio e a incubación dura de 18 a 21 días.

**Cernícalo vulgar** (*Falco tinunculus*).

É unha das rapaces máis comúns de España, que podemos ver voar a pouca altura sobre calquera campo. Pesa arredor de 250 gramos e aínda que prefere terreos abertos tamén se o atopa



Ana, Andrea, Ángel, Cintia, Estrella,

Nerea e Sandra 6ºB

COÑECE ONDE VIVES: AS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU

O concello de Bueu encóntrase na ría de Pontevedra. Está formado por unha parte continental situada na península do Morrazo e unha parte insular. A primeira zona fórmana as parroquias de Cela, Bueu e Beluso, a segunda é o arquipélago de Ons.



Nas súas costas hai abundantes praias, das que están catalogadas as seguintes:

1. Praia de **LAPAMÁN**: Ampla praia rodeada de vexetación, moi cómoda e agradable para o seu uso. Pertence ós concellos de Marín e Bueu. Ten unha lonxitude de 600 m. e unha anchura media de 30 m. O grao de ocupación é alto, é semiurbana, non ten paseo marítimo. Está composta de area branca, ten ondada moderada e pódese fondear. No aspecto medioambiental ten vexetación, non é zona protexida e non ten bandeira azul. Ten equipo de salvamento. Os accesos son a pé ou en coche, están sinalizados e posúen rampla de minusválidos. Está equipada cos servizos de ducha, teléfono, papeleiras, servizo de limpeza e aluguer de náuticos.
2. Praia de **MUÑO VELLO**: Praia illada que ten un elevado grao de ocupación. Está situada xunto á praia de Lapamán. Ten unha lonxitude de 150 m. e unha anchura media de 15 m. Non ten paseo

marítimo, de area branca e ondata moderada, pódese fondear, ten vexetación, non está protexida ni ten bandeira azul.Ten accesos a pé e de coche. Servicios de duchas, papeleiras, teléfono e limpeza.

3. Praia de **COBELO**: Praia illada, carente de servizos e con baixa frecuencia de visitantes. Ten unha lonxitude de 100 m. e unha anchura de 20 m. O acceso e a pé e difícil. Non ten servizos.



Praia de Portomaior

4. Praia de **PORTOMAIOR**: Xunto con Agrelo forman un gran areal dourado. Ten unha lonxitude de 400 m. e unha anchura de 25 m. A ondada é moderada e ventosa. Ten vexetación, non é zona protexida e ten bandeira azul. Ten

acceso a pé e de coche. Servicios de aseos, duchas, teléfono, papeleiras e servizo de limpeza..

5. Praia de **AGRELO**: Ten unha lonxitude de 550 m. e unha anchura de 20 m.. Ten as mesmas características de Portomaior.
6. Praia de **LOUREIRO**: Praia urbana moi frecuentada por residentes da zona. Ten unha lonxitude de 300 m. e unha anchura de 20 m., area branca, ondada moderada e algo ventosa.. Ten teléfono, papeleiras e servizo de limpeza.
7. Praia de **PETÍS**: Pequena praia situada entre a estrada e unha antiga cetaria, en Punta Pescadoira. Ten unha lonxitude de 50 m. e unha anchura de 3 m. É de area dourada e só ten servizo de limpeza.
8. Praia de **PESCADOIRA**: Cen metros de areal xunto a antiga cetaria na ensinada de Bueu, ten unha anchura de 3 m. e un grao de ocupación baixo pese a ser unha praia urbana, está formada por grava e area. Carece de servizos e só ten o de limpeza.
9. Praia de **BUEU**: Está resgardada polo espigón do porto de Bueu. Ten unha lonxitude de 200 m. e unha anchura de 3 m. A súa composición é de area dourada e ó estar protexida é de augas tranquilas. Carece de servizos e o grao de ocupación é baixo.
10. Praia da **BANDA DO RIO**: Xunto ó paseo do porto de Bueu, presenta as características propias dunha praia portuaria. Ten unha lonxitude de 450 m. e unha anchura de 20 m. Ten area branca e é de augas tranquilas. O grao de ocupación é medio e ten duchas, papeleiras e servizo de limpeza.
11. Praia de **RABALEIRA PEQUENA**. Praia semiurbán, dunha lonxitude de 50 m. e unha anchura de pouco máis dun metro, é moi pouco utilizada e carece de servizos.
12. Praia de **RABALEIRA GRANDE**. Situada xunto á Rabaleira pequena, ten as mesmas características.
13. Praia de **BELUSO**: Situada no porto de Beluso, é frecuentada por barcos de recreo que fondean pola zona. Ten unha lonxitude de 300 m. e unha anchura de

6 m. Ten paseo marítimo, area branca e augas tranquilas, un grao de ocupación medio, duchas, papeleiras e servizo de limpeza.



Praia de Beluso

14. Praia de **SARTAXÉNS**: Praia illada, rodeada de ladeiras boscosas, dentro dunha zona protexida como espazo natural. Ten unha lonxitude de 100 m. e unha anchura de 10 m. Area branca, ondada moderada e grao de ocupación baixo. Carece de accesos en coche e de servizos.
15. Praia de **TULLA**: Excelente praia rústica protexida como espazo natural. Ten unha lonxitude de 500 m. e unha anchura de 20 m. Ten un grao de ocupación medio, area branca, ondada moderada e algo de vento. Accesos a pé e en coche algo dificultosos. Servizos de limpeza e papeleiras.
16. Praia de **CORNIDE**: Praia virxe de rocas e area branca situada en Punta Cornide de onde toma o nome. Ten unha lonxitude de 50 m. e unha anchura de 5 m.. Ondada moderada e algo de vento, grao de ocupación baixo. Acceso a pé e carece de servizos.
17. Praia de **MOURISCA**: Rústica praia de area branca situada nun entorno de gran beleza protexido como espazo natural. Ten unha lonxitude de 300 m. e unha anchura de 10 m. Ondada moderada, algo de vento e grao de ocupación medio alto. Accesos a pé e en coche. Ten aseos, duchas, papeleiras e servizo de limpeza.
18. Praia de **PEDRÓN**: Pequena praia de bolos e area branca de difícil acceso xunto á praia de Mourisca e Cabo Udra, nun lugar protexido como espazo natural. Ten unha lonxitude de 50 m. e unha anchura de 5 m. Ondada

moderada algo de vento e grao de ocupación medio baixo. Accesos a pé, carece de servizos.

19. Praia de **ENCORADOIRA** ou **ENCORADOURO**: Composta de rocas e area branca, situada en Cabo Udra dentro dun espazo protexido. Ten unha lonxitude de 100 m. e unha anchura de 5 m. Ondada moderada e grao de ocupación medio baixo. Accesos a pé e en coche. Ten papeleiras e servizo de limpeza.
20. Praia de **LAGOS**: Praia virxe, en zona protexida con rocas e area branca. Ten unha lonxitude de 250 m. e unha anchura de 6 m. Ondada moderada algo ventosa e grao de ocupación medio alto, accesos a pé e en coche. Ten duchas, papeleiras e servizo de limpeza.
21. Praia de **AREA DE BON**: Rústica praia situada na ría de Aldán de area branca e un alto grao de ocupación. Ten unha lonxitude de 250 m. e unha anchura de 20 m. Accesos a pé e en coche. Ten bandeira azul con tódolos servizos.



Praia area de Bon

22. Praia de **MELIDE**: Praia situada na illa de Ons que pertence ó Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas. Ten unha lonxitude de 300 m. e unha anchura de 25 m. Area branca, ondada moderada. Accesos desde Bueu en barco e dentro da illa a pé. Servizo de limpeza e papeleiras.
23. Praia de **AREA DOS CANS**: Praia situada na illa de Ons de area branca e rochas. Ten unha lonxitude de 200 m. e unha anchura de 15 m. De augas tranquilas, accesos como a praia de

Melide. Servizo de limpeza e papeleiras.

24. Praia de **CANEXOL**: Praia situada na illa de Ons de area branca e ondada moderada. Ten unha lonxitude de 150 m. e unha anchura de 15 m. Accesos como as anteriores e servizos de limpeza e papeleiras.



Illa de Ons

25. Praia de **PEREIRO**: Praia situada na illa de Ons, de area branca e ondada moderada. Ten unha lonxitude de 100 m. e unha anchura de 10 m. Os mesmos accesos que as anteriores, servizo de limpeza e papeleiras.
26. Praia de **FONTIÑAS**: Praia situada na cara atlántica da illa de Ons, de area branca, forte ondada e ventosa, de difícil acceso. Ten unha lonxitude de 100 m. e unha anchura de 5 m. Só ten servizo de limpeza.
27. Praia de **LIÑEIRO**: praia situada na cara atlántica da illa de Ons, de area branca, ventosa, forte ondada e difícil acceso. Ten unha lonxitude de 200 m. e unha anchura de 10 m. Só ten servizo de limpeza.
28. Praia de **ONZA NORTE**: Praia situada na illa de Onza. Pertencente ó Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas. É de area branca, forte ondada, acceso só en barco. Ten unha lonxitude de 100 m. e unha anchura de 7 m. Ten servizo de limpeza.
29. Praia de **ONZA SUR**: Praia situada na illa de Onza, de area branca e ondada moderada. Ten unha lonxitude de 100 m. e unha anchura de 8 m. Acceso só en barco. Non ten servizos.

6º A.

AS PLANTAS MEDI

INTRODUCCIÓN

Plantas medicinais, son todas aquelas plantas que conteñen, nalgún dos seus órganos, principios activos, os cales, administrados en doses suficientes, producen efectos curativos nas enfermidades dos homes e dos animais en xeral. Calcúlanse nunhas 260.000 as especies de plantas que se coñecen na actualidade, das que o 10% pódense considerar medicinais, é dicir, encóntanse recollidas nos tratados médicos de fitoterapia, modernos e de épocas pasadas, por presentar algún uso. Pero, sobre todo nas rexións ecuatoriais, a proporción de especies medicinais pode variar moitísimo desta porcentaxe, xa que nin sequera se coñece a totalidade da flora.



UTILIDADES

As plantas medicinais pódense utilizar para varias causas. Exemplo: para curar as enfermidades, doenzas, molestias...

RECOLECCIÓN E FORMAS DE PREPARACIÓN.

A recolección debe realizarse cando os principios activos da planta están maduros. Normalmente, débese proceder ó secado dos vexetais.

As preparacións máis frecuentes, que se poden levar a cabo na casa, son:

- **Decocción:** proceso polo cal a planta ferve na auga durante un período de tempo determinado. Úsase este procedemento coas partes máis duras, como cortiza, follas coriáceas, raíces e talos.
- **Reducción:** se a cocción se leva a cabo durante máis de vinte minutos, prodúcese a reducción. Emprégase para principios activos que resisten o calor e dos que se necesita, pola súa escasa proporción, unha maior concentración.
- **Maceración:** consiste en deixar repousar as plantas en auga fría durante algunhas horas. Serve para extraer principios activos inestables fronte ó calor pero solubles en auga.
- **Tintura ou viños medicinais:** é a maceración feita en alcohol cando os principios activos non se disolven ben na auga ou son de sabor desagradable. Emprégase xeralmente planta seca. Son moi coñecidos os viños de quina ou o augardente de endrino (pacharán).
- **Xaropes:** son disolucións de xofre en auga ás que despois se lles engade a planta.
- **Zume:** directamente tritúranse as plantas frescas e despois se criba o líquido.
- **Infusión:** consiste en quentar auga e engadir a parte da planta necesaria no primeiro fervor, seguidamente apártase do lume, tápase e déixase repousar uns minutos. A infusión unha vez feita non debe ferver. Sóese preparar coas partes novas da planta, como follas, flores, sementes...

PROPIEDADES DAS PLANTAS MEDICINAIS



Acevo	Diaforético, debilmente diurético.
Agrón de auga (berro)	Estimula o metabolismo e a secreción biliar.
Alcachofa	Estimula a función hepática e reduce o nivel de colesterol.
Allo	Estimula a secreción estomacal.
Amora (silva)	Lixeira astrinxente.
Amorodo (moroteira)	Tónico xeral.
Cabaza	Vermífugo.
Café	Estimula o sistema nervioso central e as funcións cerebrais.
Capuchina	Antibacteriolóxico.
Carballo	Astrinxente, antiinflamatorio e antiséptico.
Cardo	Activa a secreción biliar.
Castiñeiro	Expectorante e antirreumático.
Col	Cicatrizante feridas, antiinflamatorio.
Chantaxe	Expectorante.
Dente de León	Tónico e diurético.
Eucalipto	Antiséptico e expectorante.
Estruga	Estimula o metabolismo e antirreumático.
Faba, feixón	Diurético
Fento	Vermífugo
Figueira	Laxante.
Fiuncho	Antiespasmódico, expectorante e carminativo..
Ginkgo	Aumenta o fluxo sanguíneo.
Ginseng	Mellora estado físico, aumenta a resistencia.
Gramma	Diurético e antiséptico.
Hedra	Analgesico, expectorante.
Loureiro	Aperitivo.
Malva	Tranquilizante e antiinflamatorio.
Manzanilla	Estimula a curación de feridas e é antiséptico.
Mazá	Combate artrite, cálculos urinarios, diminúe o colesterol...
Mate	Lixeiro estimulante e laxante.
Menta	Carminativo e antiespasmódico.
Nogueira	Astrinxente e antiinflamatorio.
Oliveira	Tranquilizante e astrinxente.
Ourego	Astrinxente e expectorante.
Pasionaria	Tranquilizante suave e antiespasmódico.
Pementeira	Vexicante e vasodilatador local.
Pensamento	Diurético, febrífugo e expectorante.
Perexil	Dixestivo, carminativo e diurético.
Quina	Estimula a secreción de xugos gástricos.
Regalicia	Expectorante e laxante
Romeo	Tónico carminativo.
Ruda	Antiespasmódico e suave sedante.
Sabugueiro	Diaforético, laxante...
Tileiro	Diaforético, sedante lixeiro...
Tomiño	Calma a tos, antiséptico e dixestivo.
Valeriana	Alivia o stress
Violeta	Igual co rizoma
Visgo	Hopotensor, inhibe tumores.

ESTUDIO DALGUNHA DESTAS PLANTAS MEDICINAIS

QUINA: *Cinchona officinalis*.

Partes usadas: Casca do tronco e das ramas e tamén a da raíz trituradas.

Familia: Rubiáceas.

Características: Son coñecidas como quina a casca que cobre o tronco e as ramificacións desa árbore.

Principio activo: Alcaloides, taninos, esencia e principios amargos.

Propiedades: Febrífugas, antimaláricas, tónico, astrinxente e cicatrizante.

Indicacións: As súas propiedades terapéuticas estimulan as funcións intestinais, gástricas e hepáticas.

Toxicoloxía: Non exceder as doses indicadas para uso interno, xa que poden causar náuseas e vómitos.



Indicacións: A decocción da polpa é indicada nos casos de diarrea e gases; o zume da polpa para a presión do ventre. O cataplasma das follas está indicada en casos de queimaduras, inflamacións e dores de oído. É un excelente vermífugo, principalmente para nenos. É tónico para o cerebro, fígado, riles e intestinos.

GRAMA: *Agropyrum repens*

Partes usadas: O rizoma.

Familia:

Gramíneas.

Características:

Tamén coñecidas como grama canina, grama da tose, grama dos nervios. Crece nas zonas tropicais e subtropicais de América, é usada para a fixación de terreos.

Principios activos: Glícidos e mucilaxes.

Propiedades: Diurética, antiséptica, antiinflamatoria.



MAZÁ: *Pirus malus*

Partes usadas: Froitos, casca e flores.

Familia: Rosáceas.

Características:

Árbore de porte medio con flores brancas e froitos carnosos, tamén coñecida como maceira.

Principio activo: Ácidos glicídeos, minerais, lípidos, prótidos, taninos, pectina, entre outros.

Propiedades: Antidiarreica, laxante, diurética e depurativa.

Indicacións: Reguladora das funcións intestinais, combate artrite, reumatismo, cálculos urinarios, diminuíu o colesterol...



MALVA: *Malva sylvestris*

Partes usadas: Follas e flores

Familia: Malváceas

Características: Herbácea bianual de follas lobuladas, palmadas, pubescentes, con flores azuis e tamén amarelas ou púrpuras. Pode medir ata 60 cm de altura. Tamén coñecida como malva-rosa, malva silvestre...

Principios activos:

Malvidol, pectina, taninos, mucilaxes e resinas entre outros.

Propiedades: Emoliente, laxante e expectorante

Indicacións: É indicada para casos de presión do ventre crónica, afeccións respiratorias, das mucosas e do pelo. Usada en casos de inflamacións, principalmente nas afeccións do aparello xenital feminino. É empregada en caos de bronquite crónica, constipado intestinal, colites, ansiedade, insomnio, afeccións das vías aéreas superiores. Para uso externo é indicada nos casos de contusións e hemorroides.



CABAZA: *Curcubita pepo*

Partes usadas: Froito, polpa e sementes secas.

Familia:

Cucurbitáceas

Características: Planta rastreira de follas membranosas e flores amarelas con froito de numerosas sementes.

Principios activos:

Cucurbitacina

Propiedades: Astrinxente, laxante, diurética, alcalinizante.



MENTA: *Menta piperita*

Partes usadas: Flores, follas e sementes.

Familia: Labiadas

Características: Herbácea perenne de color violáceo, follas ovaladas e dentadas, con flores formando espigas, de cor rosada ou lilas. Tamén coñecida como estruga de cheira, estruga de folla miúda, estruga de pementa e menta.



Principios activos: Óleo esencial, aldehidos, taninos, resinas, ácidos, vitaminas e outros.

Propiedades: Antifúnxica, antiinflamatoria, analxésica, anestésica, antiespasmódica, calmante e dixestiva.

Indicacións: Seu suco, puro ou cun dentiño de allo, axuda a combater os vermes intestinais.

ESPINACA: *Tetragonia expansa*

Partes usadas: Follas.

Familia: Aizoáceas.

Características:

Plantas anual cunhas follas que constitúen un óptimo alimento.

Principios

activos: Rica fonte de ferro e caroteno, ademais de vitaminas.

Propiedades: Tónico, diurético, laxante, oxidante, cardiotónico, remineralizante, calmante e emoliente.

Indicacións: Indicado para casos de anemias.

**ALCACHOFERA:** *Cynara scolymus*.

Partes usadas: Follas e raíces.

Familia: Asteráceas.

Características:

Talo carnoso, estriado do que saen follas de 20-30 cm. As puntas internas dos brotes, coñecidas como alcachofas,



cómense como verdura.

Principios activos: Taninos, potasio, sodio, calcio e ferro.

Propiedades: Tónico e regulador hepático e biliar.

Indicacións: A infusión das súas follas é tónico preventivo e curativo das afeccións do fígado.

ALGODOEIRO: *Gossypium herbaceum*

Partes usadas: Follas, flores, sementes e a casca da raíz.

Familia: Malváceas.

Características: Herbácea de flores vistosas, de cor amarela ou brancas. O froito é unha capucha ovoide que contén varias sementes cuberta por unha fibra branca: o algodón.



Principios activos: Ácidos graxos, betaina, sucre, ácido salicílico...

Propiedades: Emoliente e antiinflamatorio.

Indicacións: Combate o catarro, bronquios, disentería, provoca e axuda á menstruación e reducir o colesterol. Protexe a pel e desinflama os bronquios.

PENSAMENTO: *Viola tricolor*

Partes usadas: A planta enteira.

Familia: Violáceas.

Características: Planta de flores solitarias, de pedúnculo longo e cor variada: amarelo, violeta, branco, etc. Tamén coñecida como violeta de tres flores de trinidad.

Principios

activos: Tanino, ácido salicílico, saponinas e mucílago...

Propiedades:

Diurética, cicatrizante, antiinflamatoria, depurativo, laxante, febrífugo, fluidificante ...

Indicacións: Úsase como cosmético contra o ressecamento, engurras e estrías da pel. É empregada tamén en tódolos casos de eccemas



Laura, Cati, Lino, Darío e Iris 6ºB

ENTREVISTA

A VIDA NAS CONSERVEIRAS

Manuela Mendiña, aínda que agora está xubilada, traballou na conserveira Massó, igual cós seus pais. Mediante unha serie de preguntas intentaremos investigar os procesos que se utilizan para trata-lo peixe que logo sairá á venda enlatado.




- **¿A que idade empezou a traballar?**
- Empecei a traballar ós vinte anos de idade
- **¿Onde traballou?**
- Traballei na fábrica nova de Massó e os meus pais traballaron na fábrica vella, onde agora está situado o Museo Massó.
- **¿Con que clase de peixes traballaban?**
- Traballabamos con sardiñas, anchoas, navallas, luras, ameixas, bonito...
- **¿Con que peixes traballaban máis?**
- Especialmente utilizabamos dous tipos de peixe: sardiñas e bonito, cando era a súa temporada de pesca.
- **¿Cómo chegaba a sardiña á fábrica?**
- Se había moita, a sardiña chegaba á fábrica en caixas que traían varios camións e, se non había tanta, os propios mariñeiros levaban ata a fábrica a sardiña nuns caixóns que tiñan unhas varas debaixo para poder levalas sobre os ombreiros.
- **¿Qué se facía despois?**
- Despois cunhas tesoiriñas cortábaselle a cabeza ás sardiñas e

quitábaselle as tripas. Máis tarde os adiantos técnicos permitiron que cunha máquina xa se lle puideran quita-las tripas ós peixes sen a axuda das persoas.

- **¿Despois que había que facer?**
- Despois de limpalas, metíanse as sardiñas nuns pilóns que tiñan auga do mar mesturada con sal. Isto facíase para endurece-lo peixe.
- **¿Cal é o seguinte proceso?**
- Cociña-las sardiñas. Metíanse nuns fornos de cocción para que cando se pasaran ás latas, o peixe non estivera cru.
- **¿Despois de cociña-las sardiñas, que se facía?**
- Despois enlatábase o peixe, selábanse as latas cunha máquina, pasábanse a unha especie de forno que, por medio do calor, eliminaba as bacterias e, finalmente, unhas mulleres retiraban as latas defectuosas.

Quero agradecer a **Manuela** a súa paciencia por explicarme tan detidamente os procesos da elaboración da sardiña.

Ángel M. Torres Ferradás 6º B.



DEPORTES

Un novo curso temos xa rematadas as tradicionais competicións, por ciclos, de **BALONMÁN** e **FÚTBOL-SALA** masculino e feminino que se celebran nos recreos, nas que os equipos gañadores en cada categoría son os seguintes:



BALONMÁN FEMININO:

6ºB.

Laura Fernández Martínez.
Iris Fernández Otero.
Ana Mª Otero González.
Catalina Otero Pérez.
Cintia Pequeño Otero.
Estrella Pérez Porto.
Nerea Rosas Regueira.
Sara Sampedro Chamadoira.
Sandra Smyth Novoa.
Andrea Vidal Villanueva.



4ºA.

Tania Golobardas Goberna.
Victoria Freire Paredes.
Sheila Dios Martínez.
Elsa Duarte Simoes.
Patricia Comedeiro Alfaya.
Míriam Ferradás González.
Laura Cruz Estévez.
Judit Cerviño Malvido.
Ángela López Ferradás.
Uxía Ave Rial.

BALONMÁN MASCULINO:

6ºB.

Ventura García Sotelo.
Iago Martínez Barros.
Eloy Martínez Estévez.
Darío Novoa Pousa.
Aarón Paz García.
Ángel M. Torres Ferradás.
Lino Villanueva Entenza.
Julián Sevilla Piedras.



4ºB.

Jesús Santos Piñeiro.
José C. Morín Urrutia.
Pablo Pousada Ferradás.
Jacobo Soage Vidal.
Sergio Torres Ferradás.
Miguel A. Piñeiro Ordóñez.
Pablo Reiriz Piñeiro.
Miguel González Domínguez (4ºA).

FÚTBOL-SALA FEMININO:

6ºB.

Laura Fernández Martínez.
Iris Fernández Otero.
Ana Mª Otero González.
Catalina Otero Pérez.
Estrella Pérez Porto.
Nerea Rosas Regueira.
Sara Sampedro Chamadoira.
Sandra Smyth Novoa.
Andrea Vidal Villanueva.
Cintia Pequeño Otero.



4ºA.

Raquel Álvarez Martínez.
Victoria Freire Paredes.
Elsa Duarte Simoes.
Patricia Comedeiro Alfaya.
Míriam Ferradás González.
Laura Cruz Estévez.
Judit Cerviño Malvido.
Ángela López Ferradás.
Uxía Ave Rial.

FÚTBOL-SALA MASCULINO:

6ºA.

Josuha Acuña Martínez.
Hugo Bacelar Martínez.
Alberto Ferradás Rial.
Marcial Golobardas López.
Damián Golobardas Otero.
Borja Graña Camiña.
Daniel Iglesias Solla.
José M. García Pousada.

4ºB.

Jesús Santos Piñeiro.
José C. Morín Urrutia.
Pablo Pousada Ferradás.
Jacobso Soage Vidal.
Sergio Torres Ferradás.
Miguel A. Piñeiro Ordóñez.
Pablo Reiriz Piñeiro.

Por outra parte, e tendo en conta que resultou moi positiva a experiencia piloto do curso pasado, estamos preparando para o xoves 19 de Maio a “**II Olimpiada**” do Colexio, con vistas a coincidir coa celebración das Letras Galegas. Está previsto que esta Olimpiada se realice, outra vez, **no campo de fútbol do Beluso**, sempre e cando o permita a climatoloxía. A nosa intención segue sendo que participen tódolos nenos e nenas do Colexio, desde Educación Infantil a 6º de Primaria. Para eso teremos 2 grandes bloques principais, que serán por unha parte Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria e por outro lado os 2º e 3º Ciclos de Primaria, con distintos xogos e probas para cada un e unha dificultade variable segundo cada idade e Ciclo. De este xeito haberá:

- Xogos populares e tradicionais.
- Probas deportivas: 50 m. lisos, 50 m. vallas, salto de altura e medio-fondo.
- Degustación de rosquiñas.

Confiamos que esta xornada sexa agradable, festiva e proveitosa para todos.

DÍA DO DEPORTE

Dentro da **XVIII Semana Cultural e Letras Galegas – Beluso 2005** celebramos o día 9 de maio o **DÍA DO DEPORTE** con competicións entre os colexios de Cela, Bueu e Beluso. En Fútbol Sala quedou **campión o noso colexio**. ¡Noraboa ós xogadores e o público que tanto os animou!



Ó remate do partido foron agasallados tódolos participantes con distintos obsequios. A continuación tiveron unha charla-coloquio co xogador do **Real Clube Celta de Vigo, Gustavo López**, quen entusiasmou ós rapaces, entregoulles as medallas e asinoulles autógrafos a tódolos nenos.

¡Gracias Gustavo por facer felices a uns cativos durante unhas horas!



REFRÁNS:

TEMPO ATMOSFÉRICO



1. Cuberta Arousa, mala cousa.
2. Chuvia de morriña, sen peixe nin fariña.
3. Berra o mar en Lapamán, vento ó sur á mañá.
4. Ceo empedrado, piso mollado.
5. Cerco na lúa, chuvia segura.
6. Maio chuvioso, verán caloroso.
7. Mentres tempo non ven, sazón non pasa.
8. Néboas en Cela, vento na vela.
9. Neboeiro na Armenteira, mariñeiro na Ribeira.
10. Non veste pó-la tarde, vento sur póla mañá.?
11. Non hai sábado sen sol, nin meniña sen amor.
12. En Abril augas mil.
13. Se non chove nin fai vento está bo tempo.
14. Cando o verán é inverno e o inverno é verán.
15. A día claro, escuro nubrado.?
16. Norte escuro, vendaval seguro.
17. Nubes ó poñente, auga ó día “siguierte.”
18. Vento das illas Óns, malos son.
19. Vento do mar e chuvia da ría, fandango para todo o día.
20. Neboeiro na montaña, mariñeiro na cabana.

REFRÁNS DOS MESES DO ANO.

1. Si en Xaneiro canta o grilo en agosto pouco triguíño.
2. Non te fíes, non porfíes, non apostes nin desafíes.
3. Febreiro é un mes embusteiro.
4. Arco iris ó poñente deixa o arado e vente.
5. En marzo migas comerás esparto farás.
6. En todas partes ten cada semana o seu martes.
7. Augas de Abril unhas ir e outras vir.?



8. Cando do nordeste chove ata as pedras morren.
9. Maio quente e chuvioso ofrece bens caprichosos.
10. Tempo que unha vez se perde nunca máis volve.
11. Das cereixas e limóns hai abundancia en tódolos caixóns.
12. Dos limóns as cereixas so hai penas e tristezas.
13. Por moito que queira ser en Xuño pouco ha chover.
14. Uns din o que saben e outros saben o que din.
15. Cando chove en Agosto chove mel e mosto.
16. Quen aprende o que non entende xa entende.
17. Setembro froiteiro alegre e festeiro.
18. Gotas antes de vento aforra e métete dentro.
19. Moita auga na outonada pouco trigo e menos cebada.
20. Caixóns e membrillóns todos son amarillóns.
21. Por San Eugenio a leña no fogar e as ovellas a gardar.
22. Comer verdura é cordura.
23. Decembro é un vello que arruga o pelexo.
24. A millor hora para comer e cando hai fame e tendo que.

INUTILIDADE (COUSAS)

1. Candil sen mecha a ninguén aproveita.
2. Cando se remata o viño, a bota xa non fai falla.
3. Desta maneira o que non ten fariña escura peneira dura.
4. Dúas árbores secas nunca florecen.
5. Nada é todo, todo é nada.
6. O que non fai falla sobra.
7. Tirádelle a cesta e acabouse a parentela.?
8. Veciño que empresta o coitelo que non corta, que se perda pouco importa.



Aarón, Eloy ,Iago ,Julián, Sara e Ventura 6ª B

AGASALLO INTERESADO.

1. A dadiva é máis cara que se fose mercada.
2. Biscoito de monxa e regalo de aldea, doullos a quen os queira.
3. Dádiva ruín catro mans tolle: as dúas do que a dá e as dúas do que a colle.
4. Moitas veces o dado, aínda de balde é caro.
5. O aldeán galego, cunca de leite por cunca de aceite.
6. Por cunca de leite o aldeán quere cunca de aceite.
7. Prenda de galego diñeiro vale.
8. Agradecédemo, veciñas, que lle boto millo as miñas galiñas.
9. Do que ven dado non se pode dar que é pouco é malo.
10. Agradecemento interesado é un novo agradecemento.
11. O can ladra onde come.
12. O que sabe agradecer traballa para máis merecer.


BOI

1. Are meu boi polo folgado e o teu polo gabado.
2. Boi vezado volve ó prado.
3. Catro bois nun carro ben tiran para arriba e mellor tiran para abaixo.
4. Deixa o boi mexar e fártao de arar.
5. Di o boi: Sácame en Marzo, e verás como pazo.
6. Foise o boi ás verzas e non deixou verdes nin secas.
7. Máis come o boi que cen andoriñas.
8. Mentres o boi traballa, a vaca no campo pasta.
9. Non lle ates a boca ó boi que anda arando.
10. Boi canso pisa máis forte.
11. O boi e o leitón en Xaneiro crían riñón.
12. Boi que me acornou, ben me escarmentou.
13. Boi, para que are ; o home, para que traballe; e a muller, para que garde.
14. Ó boi que ara non lle mires a cara.
15. Polo San Lucas solta os bois, mata os porcos e tapa as cubas.



MAIO NO REFRANEIRO

- Maio hortelán, moita palla e pouco gran.
- Abril e maio, as chaves de todo o ano.
- Ata o corenta de maio, non te quíte-lo saio.
- Auga de por maio, pan para todo o ano.
- Mes de flores, mes de amores.
- Xeadas de xaneiro, neves de febreiro, poallas de marzo, chuvias de abril, aires de maio, sacan un fermoso ano.
- Marzo ventoso, abril chuvioso, fan un maio florido e fermoso.
- Maio, maiolo o mes que vai solo.
- Sementa perexil en maio e terás perexil para todo o ano.
- O que maio rega, maio seca.
- Auga de maio non cala o saio.
- Landra que non se ve en maio, non se ve en todo o ano.
- O mes de maio é o mes máis longo que ten o ano.
- En abril e maio, de sono caio.
- O bo madeiro para maio o quero.
- En maio, cando as calores, os cabalos están grosos e os poldros corredores.
- ¿ Queres mal á túa veciña? Dalle en maio unha sardiña.
- Fungo de maio, nin o comas nin llo deas ó teu amo.
- Quentura de maio, saúde para todo o ano.
- Maio ventoso, para o labrego fermoso e para o mariñeiro penoso.
- Si maio é axeitado, nin frío nin torrado.
- Auga por Santa Rita, todo o quita.
- Maio entrado, un xardín en cada prado.
- Liño bo, liño malo, todo florece en maio.
- Maio frío, pouca palla e moito trigo.
- En maio, a moita calor, aumenta a produción.
- Cando nace maio, todo o deixa espigado.
- O queixo e o barbeito, para maio estea feito.



Aarón, Eloy ,Iago ,Julián, Sara e Ventura 6ª B

3º A.



PASATEMPOS

Coloca os números do 1 ó 9,
sen repetir ningún, de tal xeito que ó
sumalos den sempre 15

	5	

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

100 
Nome dun animal

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

XEROGLÍFICO

¿QUE FAÇO
COAS
OVELLAS?



TÁ

ÁS

SOPA DE LETRAS

"Vestimenta do Peliqueiro"

Z	G	C	B	A	D	C	H	O	C	A
P	O	Ñ	M	N	L	K	J	I	R	O
H	I	J	F	A	I	X	A	R	C	D
Y	Z	R	S	T	U	V	A	R	C	Y
R	S	T	Y	U	V	M	R	S	N	T
A	C	O	R	B	A	T	A	U	O	G
J	A	A	Z	Z	T	G	U	R	L	T
K	M	B	C	D	E	F	G	S	A	H
L	I	G	A	S	U	F	O	G	T	I
M	S	V	W	X	Q	T	Z	Y	N	G
N	A	G	H	C	A	R	E	T	A	K
Ñ	I	I	G	P	H	K	L	M	P	L
O	D	A	Ñ	N	C	Q	P	K	R	M
P	E	Z	S	T	U	V	W	X	Y	N
K	M	Z	A	B	C	D	E	P	E	S
R	F	G	H	I	J	K	L	M	N	T
S	D	E	F	Ñ	O	P	K	R	S	U
T	U	V	W	X	Y	Z	A	B	C	V

Medias. Camisa. Pantalón. Faixa. Corbata.
Chaqueta. Ligas. Zapatos. Chocas. Zamarra.
Caretas.

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Unha mestra dille ó seu alumno:

- A ver, dime Pabliño, ¿Que pasa se che corto unha orella?
- Quédome xordo.
- ¿E se che corto a outra orella?
- Quédome cego.
- ¿Por que?, dixo asustada a mestra.
- Porque me caen os lentes.

AS LETRAS FIXAS

1.	B	A					
2.		B	A				
3.			B	A			
4.				B	A		
5.					B	A	
6.						B	A
7.					B	A	
8.				B	A		
9.			B	A			
10.		B	A				
11.	B	A					

DEFINICIÓNS

1. Grande barca.
2. Conter, abranguer.
3. Fai máis baixo.
4. Que ten as pernas tortas.
5. Arquear, facer curvo.
6. Cambiaba.
7. Levar boa nota.
8. Semellante a unha loba.
9. Na parte inferior.
10. Mover, sacudir
11. Moverse a un lado e outro

Solución

1. BARCAZA
2. ABARCAR
3. REBAIXA
4. CAMBADO
5. ALOMBAR
6. TROCABA
7. APROBAR
8. ALOBADA
9. EMBaixo
10. ABANEAR
11. BAMBEAR

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Un señor común e silvestre camiña
pola rúa e ve a outro señor e
pregúntalle:

- ¿Non viu a un policía por aquí cerca?.
- Non, non o vin.
- Okei, gracias. Bueno, ¡arriba as mas!.

BUSCA AS PALABRAS



COGOMELO



COITELO

GARFO



CEREIXA



CULLER



PIÑA



FUNIL

C	P	E	E	C	U	L	L	E	R
E	C	E	R	E	I	X	A	B	P
C	O	I	T	E	L	O	C	F	I
E	O	L	F	C	A	V	N	F	Ñ
S	I	G	M	U	P	B	U	J	A
G	P	H	O	M	N	O	C	C	K
A	V	M	N	M	Ñ	I	I	O	J
R	Q	A	R	D	E	A	L	P	E
F	U	R	S	Q	S	L	H	A	U
O	V	T	S	O	O	L	O	G	G



COPA



PA



CUNCA



VASO

Cintia Pequeno 6º B.

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

ADIVIÑAS

Cada país distíngume
Pois eu o represento
Acostumo estar en alturas
Cara ó sol ou cara ó vento

¿Que animalíño será, que canto máis
come máis fraco está?

Eu atópome en París,
No mar tamén estou dentro,
En Roma son o principio
E no norte son o centro.

5º

TEST DE INTELIXENCIA **E CAPACIDADE DE**

Este test aplicado nas máis prestixiosas universidades do mundo, está composto por **8 preguntas**, as que teredes que ler coa máxima atención e responder nun tempo de **3 segundos**. Logo de coñecer os resultados **saberá da súa capacidade de solucionar calquera situación**.

1ª pregunta:. Algúns meses teñen 30 días, outros 31. ¿Cantos meses teñen 28 días?

2ª pregunta:. Un pastor ten 17 ovellas. Se lle morren 9. ¿Cantas ovellas lle quedan?

3ª pregunta:. Ten que entrar nunha habitación fría e escura e só ten un misto. Alí hai unha lámpada de aceite, unha candeia e unhas madeiras baixo a cheminea esperando a ser prendidas. ¿Que prenderías primeiro?

4ª pregunta:. ¿ Cantos animais de cada especie levou Moisés na súa Arca?

5ª pregunta:. Se vostede conduce un autobús con 53 persoas desde Barcelona, detense en Zaragoza e soben 7 persoas e baixan 4. En Guadalaxara soben 5 e baixan 7. Despois ó chegar a Madrid seis horas desde que saíras. ¿Como se chama o conductor?.

6ª pregunta: Participa nunha carreira. Adianta ó segundo. ¿En que posición remata?

7ª pregunta:. ¿ Se adiantas ó último, en que posto rematas?

8ª pregunta:.
Colle 1.000.
Súmalle 40
Engádelle outros 1.000

Engádelle 30
Outros 1.000
Agora 20
Agora engádelle outros 1.000
Agora 10
¿Canto é o total?

(As repostas, na páxina seguinte)

6º A.

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX



Levántase o telón e vese un cartón de viño tinto Don Simón. Báixase o telón, ¿Cómo se chama a película?

"EsTinto Básico"

Estaba un home malferido en plena rúa, cando un transeúnte o descubre. Achégase a el e contempla, horrorizado, que ten un coitelo cravado nas costas.

- ¿Doille moito, cabaleiro?

- Só cando me río.

Dous amigos falando:

- Eu teño un loro que di: "**papá e mamá**".

- E eu unha lata que di: "**melocotón en almíbar**".

Un preso, cabreado, cóntalle ó seu compañeiro de cela.

- ¡Estou indignado! **Botáronme 40 años e só teño 25.**



¿Como chaman os rusos a un can comendo donuts?

Troski maska roska

Ían dous leperos falando pola rúa e un dille ó outro:

- Mira esa vella que bigotes ten.
- Oe, que esa vella é a miña nai.
- **Sí, precisamente íache dicir o ben que lle sentan.**

¿Ti sabes por que os curas van tan contentos ó seu traballo?

Porque teñen ó xefe crucificado.

- ¿Por que os de Lepe lle poñen aspirinas ós seus embutidos?
- **Para que queden ben curados.**

Falando dous vascos:

- Oe, Txomin, ¿a ti gústache a pintura?
- Si, pero despois do segundo bote empáchame un pouco.

- ¿Cal é o animal máis rápido do mundo?

- Unha galiña en Etiopia.

- ¿Cal é o segundo animal máis rápido do mundo?

- O etiope que vai detrás.

- ¿Sabes por que botaron ó oculista de Lepe?

- Por poñer as lentes de contacto **con chinchetas.**

Pregúntalle o marido á súa muller:

- María, se che tocan cen millóns coa quiniela, ¿deixaríasme de querer?
- Non, vida miña. **Pero botaríate moito de menos.**

(RESPOSTAS Ó TEST DE INTELIXENCIA)

1ª pregunta: 12 meses. Tódolos meses teñen 28 días ou máis.

2ª pregunta: 17 ovellas, aínda que 9 estean mortas seguen sendo ovellas e seguen sendo súas

3ª pregunta: Primeiro prendería o misto. ¿Ou non?

4ª pregunta: Ningún. Non era Moisés. O dono da Arca era Noé.

5ª pregunta: Na pregunta dinlle que o conductor era vostede. Polo tanto a resposta é o seu nome.

6ª pregunta: A resposta é segundo. Si adiantas ó segundo quedas no seu lugar.

7ª pregunta: Non hai resposta xa que se adiantas ó último terías que ir detrás del e logo serías ti o último e non te vas adiantar a ti mesmo.

8ª pregunta: O total é 4.100 e non 5.000 como moitos cren.



Coinciden un calvo e un chepudo, os dous con moi malas pulgas...

Dille o calvo ó chepudo:

- ¿Que levas na mochila?

Ó que o chepudo responde:

- ¡Un montón de peines, imbécil!

**Na fonte de ferro,
no coiro dos bois
no espello do vento,
da navalla e da frol.**



**No recén da herba,
no lobo e no can,
nos ollos da meiga,
na pedra do lar**

...

Xesús Lorenzo Varela